



CONSORCIO DE
SANTIAGO

Newsletter

Marzo 2021

REHABILITACIÓN

Visita institucional á ampliación do Museo do Pobo Galego

A obra de adecuación da ala sur do conxunto de San Domingos de Bonaval para a ampliación do Museo do Pobo Galego, dirixida polo Consorcio de Santiago, remataba despois de algo máis dun ano de intervención. O alcalde de Santiago e presidente do Consorcio, Xosé A. Sánchez Bugallo; o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo; e o delegado do Goberno en Galicia, Javier Losada; visitaron o edificio para coñecer o resultado das obras.

Creouse un núcleo de comunicación vertical, integrado por un ascensor de alta capacidade e unha escaleira que une todas as plantas. As fachadas da ala sur saneáronse e revocáronse. As cubertas sometéronse a unha renovación completa. Apostouse pola xeotermia como forma de enerxía



sostible para o acondicionamento térmico do inmovble. E prevíuse a evacuación do gas radón a través dun novidoso sistema de sumidoiros.

Nas vindeiras semanas, e na medida en que as restricións sanitarias o permitan, o Consorcio de Santiago realizará visitas guiadas ao edificio para os veciños e colectivos interesados.



Récord de solicitudes para o programa “Terémancer”

O Consorcio de Santiago puxo en marcha a finais de xaneiro unha nova convocatoria do programa “Terémancer”, dirixido á rehabilitación dos elementos especiais de madeira e reixas e ao mantemento da envolvente exterior dos inmobles da cidade histórica. A través destas axudas búscase ademais apoiar a mellora da eficiencia enerxética e o illamento acústico dos edificios.

O Consorcio recibiu 89 solicitudes, o que representa un incremento do 39 % con respecto ás do ano anterior. Prevendo que a convocatoria ía ter boa acollida, o Consorcio xa incrementou nun 36 % o orzamento destas subvencións, pasando de 300.000 € na convocatoria de 2020 a 410.000 € na actual.

EXPOSICIÓNS

Novos horarios na Casa do Cabido

Coincidindo co cambio de hora, a Casa do Cabido inicia o seu horario de verán, que será de martes a sábado de 10:00 a 14:00 e de 17:00 a 21:00 horas, e os domingos de 11:00 a 14:00 horas, pechando os luns. Os visitantes poderán percorrer a exposición “Dobre Quadratura”, con instalacións dos artistas Lois Patiño e Jorge Perianes.



A violoncellista Camille Thomas tocará coa RFG

MÚSICA

A Real Filharmonía de Galicia ofrece recursos didácticos aos centros de Secundaria e Bacharelato

A Real Filharmonía de Galicia suspendeu os dous espectáculos didácticos previstos para esta temporada debido á situación sanitaria. Co fin de dispor deste material didáctico para os centros educativos, gravouse o espectáculo “Pangea: a paisaxe sonora do noso planeta” co multiinstrumentista Abraham Cupeiro en xaneiro. Farase o mesmo con “O gran Beethoven” en abril, xunto ao Servizo Educativo da Casa da Música de Porto. A partir destas gravacións estanse a crear unha serie de recursos que se van a pór a disposición dos centros de Secundaria e Bacharelato de toda Galicia.

Música en abril

O 8 de abril a RFG vai estrear en España dúas obras de Fazil Say: *Ana Tanrıça (Mother Goddess)* e *Never give up*, contando coa presenza da violoncellista Camille Thomas e baixo a dirección de Paul Daniel. O día 22 chegará “Tempestade e calma”, un programa con obras de Rossini, Haydn e Mendelssohn, dirixidas por Nodoka Okisawa.